



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 27 DE SETEMBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 13:40 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VEREA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSÉ BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas en datas 26/07/2018 e 7/09/2018. A secretaria sinala que hai que rectificar no punto 7 da acta de 26/07/2018, onde consta o visado do proxecto co número 395 debe constar co número 103. Os Sres./Sras. Concelleiros/as acordan aprobar por unanimidade as actas coa rectificación sinalada.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLOS

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- NOTIFICACIÓN ACORDO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DE INADMISIÓN SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ACTUACIÓN REFORMA DO ENTORNO DO CAMPO DA FEIRA

Pola secretaria dáse conta do escrito recibido a través do Sistema de Notificacións de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 1846 en data 31/07/2018, no que comunica que a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ditou resolución pola que se acorda a inadmisión das solicitudes presentadas entre as datas do 5 de maio de 2018 ás 00:12:18 horas e o 4



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

de xuño ás 24:00 horas e cos núm. de rexistro comprendidos entre 579438/RX 1213991 e o 726950/RX 1505022 (ambos incluídos).

A solicitude formulada polo concello de Boimorto, para a actuación “Reforma do entorno do Campo da Feira” figura co núm. de rexistro de entrada 592672/RX1238069 presentada o día 08/05/2018 ás 11:18:50

En consecuencia co anterior, acórdase a inadmisión da solicitude de subvención presentada polo concello de Boimorto, para a actuación “Reforma do entorno do Campo da Feira”.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS “MELLORAS NO AFORRO ENERXÉTICO DO ALUMEADO PÚBLICO DA PARROQUIA DE SENDELLE”

Pola secretaria dáse conta do escrito recibido a través do Sistema de Notificacións de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 1845 en data 31/07/2018, da directora xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na que notifica a resolución de subvencionar aquelas entidades solicitantes que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 35,41 puntos.

En consecuencia, ao non ter acadado tal puntuación, a súa solicitude de subvención enténdese desestimada, que sería o caso do Concello de Boimorto que solicitou subvención por importe de 32.000,00 €uros (80% sen IVE) para o proxecto “Melloras no aforro enerxético do alumeado público da parroquia de Sendelle” cun orzamento de execución por contrata de 40.000,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- INFORME DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS EN RELACIÓN COA DENUNCIA POR PERRO SOLTO NA PARROQUIA DE BUAZO.

Pola secretaria dáse conta do escrito que tivo entrada na oficina de intercambio 900 co número 201890000000289 en data 08/08/2018, no que se acompaña informe técnico sobre a denuncia por can solto na parroquia de Buazo solicitado pola Alcaldía como consecuencia da denuncia presentada por Dna. Patricia López Jiménez.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- CERTIFICADO DO SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL SOBRE NÓMINA SAF MUNICIPAL.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Política Social, rexistro de entrada no concello co número 1901 en data 09/08/2018, no que se envía o certificado das cantidades que se liquidarán ó Concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia) do 2º trimestre de 2018:

Abril: 9.405,85 €

Maió: 9.899,20 €

Xuño: 10.012,63 €

Regularizacións do/s período/s 01/01/2018-31/03/2018: -3,49 €

Total nómina neta 2º trimestre: 29.314,19 €

Total devengado: 29.314,19 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- ESCRITO DO CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL COMUNICACIÓN INCREMENTO DE HORAS ANUAIS REFORZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado do conselleiro de Política Social, rexistro de entrada no concello co número 1973 en data 23/08/2018, no que comunica un incremento de 3.060 horas



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

anuais a partir do vindeiro 1 de setembro para reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), acadando un total de 15.588 dispoñibles.

Os membros da Xunta de goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL SOBRE A NON CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA MEDIDA LEADER DE GALICIA 2014-2020. CONVOCATORIA 2018-2019 PARA ADQUISICIÓN VEHÍCULO ADAPTADO.

Pola secretaria dáse conta da resolución recibida a través do Sistema de Notificacións de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 2200 en data 25/09/2018, do director xeral de Agader, sobre a non concesión de subvención para adquisición vehículo adaptado por non quedar probada a necesidade de ampliación deste servizo de autobús no concello de Boimorto.

Os membros da Xunta de goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE CONCESIÓN SUBVENCIÓN PARA REALIZACIÓN DO PROXECTO DE OBRADORIO DE EMPREGO.

Pola secretaria dáse conta da resolución da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria notificada ao Concello de Melide, con rexistro de entrada neste concello de Boimorto co número 2197 en data 25/09/2018, na que se resolve outorgar unha subvención ao Concello de Melide, polo importe de oitenta e oito mil oitocentos sete euros (288.807,00 euros), para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscriban co alumnado, para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado “Melide-Boimorto: Natureza no Camiño de Santiago” para 20 alumnos/as.

Os membros da Xunta de goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE DURANTE O EJERCICIO 2018.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1870 en data 07/08/2018, na que se aproba o pagamento do 50,00% da subvención correspondente ao programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais durante o exercicio 2018 (BOP 98, do 25/05/2018).

Importe que se ha xustificar: 22.000,00 €

Importe do anticipo que se vai aboar: 11.000,00 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 1 DERRADEIRA DA OBRA MELLORA CAMIÑOS PARROQUIAS SENDELLE, BRATES E MERCURÍN (POS 2017)

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1936 en data 20/08/2018, na que se aproba a certificación 1 derradeira da obra incluída no POS 2017 Mellora camiños parroquias Sendelle, Brates e Mercurín executada por Hordescan, S.L por importe de 50.846,11 €uros e aboar esta cantidade ao concello de Boimorto que lle corresponde satisfacer á Deputación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

2.1.10.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGAMENTO DAS ACTUACIÓNS ADXUDICADAS AOS CONCELLOS NO PROGRAMA DE REDE CULTURAL 2018

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1914 en data 13/08/2018, na que se aproba a xustificación da realización dos espectáculos que se sinalan deseguido, así como aboar a achega da Deputación por importe de 1.676,25 €

Espectáculo/ Empresa	Nº Solic	Achega total Deputación	Sanción	Economía	Importe a Pagar
Os Tocacontos / Escuela de Música Presto Vivace, S.L.	MC 10/1 (1)	1.125,00 €	0,00 €	0,00 €	1.125,00 €
Musicreques / Music Arte Rey Saavedra, S.C.	TT 10/2 (3)	318,75 €	0,00 €	0,00 €	318,75 €
Dúo SonLatino/ Casgtelo Agra, Francisco Celso	CO 10/2 (4)	232,50 €	0,00 €	0,00 €	232,50 €
Total:					1.676,25 €

Asimesmo requírese ao concello, no caso de non tela presentada, para que presente a xustificación do pagamento ao artista, de acordo coa base 4.4.-d da convocatoria publicada no BOP nº 236, do 14/12/2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.11.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGAMENTO DAS ACTUACIÓNS ADXUDICADAS AOS CONCELLOS NO PROGRAMA DE REDE CULTURAL 2018

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1937 en data 20/08/2018, na que se aproba a xustificación da realización dos espectáculos que se sinalan deseguido, así como aboar a achega da Deputación por importe de 277,50 €

Espectáculo/ Empresa	Nº Solic	Achega total Deputación	Sanción	Economía	Importe a Pagar
Fabaloba / Fabaloba Soc. Coop. Galega	LG 10/1 (2)	277,50 €	0,00 €	0,00 €	277,50 €
Total:					277,50 €

Asimesmo requírese ao concello, no caso de non tela presentada, para que presente a xustificación do pagamento ao artista, de acordo coa base 4.4.-d da convocatoria publicada no BOP nº 236, do 14/12/2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.12.- ESCRITO DO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL RELATIVO Á EXENCIÓN PREVISTA NO ARTIGO 93.1.E) DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS DO IVTM.

Pola secretaria dáse conta do escrito que tivo entrada na oficina de intercambio 900 co número 201890000000297 en data 14/08/2018, no que comunica cambio de criterio por sentenza do TSXG na concesión da exención por discapacidade do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan que pola alcaldía se inicie a modificación da Ordenanza fiscal do IVTM deste concello.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2.1.13.- OFICIO DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO O USUARIO E A CLAVE PARA ACCEDER Á BASE DE DATOS DA ENQUISA DE INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO LOCAL (EIEL)

Pola secretaria dáse conta do escrito que tivo entrada na oficina de intercambio 900 co número 201890000000304 en data 24/08/2018, no que se informa do usuario e da clave para acceder á Base de datos da EIEL (BDT_EIEL) dende a aplicación gisEIEL, así como a URL para descargar dita aplicación e as súas instrucións de instalación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.14.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE LEVANTA UNHA DAS DÚAS CONDICIÓNS DO INVESTIMENTO DENOMINADO REFORMA VIAIS DE SAAMIL, VILANOVA, PIÑEIRO E OUTROS INCLUÍDO NO PLAN COMPLEMENTARIO POS+ 2018

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1990 en data 28/08/2018, na que se resolve considerar cumprida unha das dúas condicións á que foi sometido o investimento Reforma viais de Saamil, Vilanova, Piñeiro e outros (condición cumprida autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) queda pendente a autorización de Augas de Galicia.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DE D. JUAN MANUEL ALVAREZ PENICHE SOLICITANDO SUBSANACIÓN DEFECTOS DO PARQUE INFANTIL DA GÁNDARA DE BOIMORTO

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Juan Manuel Alvarez Peniche, con rexistro de entrada neste concello co número 2178 en data 20/09/2018 no que informa da falta de limpeza e mantemento do parque infantil relacionando as deficiencias existentes, SOLICITA:

<<Se tomen todas as medidas necesarias para subsanar os defectos expostos.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

Primeiro.- Que se lle requira a D. Juan Manuel Alvarez Peniche copia do Documento Nacional de Identidade en aplicación do artigo 9.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Segundo.- Ter en conta os defectos alegados, comunicándolle que se está intentando conseguir unha subvención para o referido parque.

2.2.2.- ESCRITO DE D. JUAN MANUEL ALVAREZ PENICHE SOLICITANDO A COLOCACIÓN DE DOUS PASOS DE PEATÓNS NA RÚA GÁNDARA DE BOIMORTO

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Juan Manuel Alvarez Peniche, con rexistro de entrada neste concello co número 2179 en data 20/09/2018, SOLICITANDO:

<<A colocación dun paso de peatóns á altura da Casa Moncho (rúa Gandara, 6) para cruzar ao parque infantil dado que o mais cercano está diante do centro de saúde estrada CP-0306.

Tamén solicito a instalación doutro paso de peatóns á altura do estanco, albergue casa Gándara e frutería estrada DP-1002 (rúa Gándara, 49), dado que o paso de peatóns mais cercano está diante do colexio.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

Primeiro.- Que se lle requira a D. Juan Manuel Alvarez Peniche copia do Documento Nacional de Identidade en aplicación do artigo 9.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Segundo.- Que lle poña en coñecemento da Deputación Provincial, administración titular da vía.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 14-10-2018

Queda sobre a mesa porque o interesado renuncia á tramitación desta solicitude.

4. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES COLOCACIÓN DE VENTÁS E CERRE DE VARIOS OCOSO NO FRENTE E A PARTE TRASEIRA DA VIVENDA SITA NO LUGAR DE BOAVISTA (DORMEÁ)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 30 de abril de 2018 (RE núm. 882) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Enrique M. Gómez Ferrer
DNI:	33466863T
Domicilio:	C/ Generalidad 10 – Jana (La) – 12340 Castellón

Datos de obra:

Obxecto:	Colocación de ventás e peche de varios ocos no fronte e na parte traseira da vivenda
Situación:	Lg. Boavista - Dormeá
Referencia catastral:	15010A508002740001KI
Orzamento de execución:	2.500,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso, estando na zona de afección da estrada AC-840
Autorización sectoriais:	Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas de 15/08/2018 (expediente núm. IF205G 2018/000093-1)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 21 de setembro de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento as condicións particulares e condicións xerais da resolución do 15/08/2018 da Axencia Galega de Infraestruturas.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 2.500,00 €uros

Liquidación 2%: 5,00 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Enrique M. Gómez Ferrer indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES ACONDICIONAMENTO EXTERIOR DE GALPÓNS EXISTENTES, PINTURA DE PARAMENTOS EXTERIORES EN VIVENDA EXISTENTE EN PEIZÁS Nº 6 (ARCEO)

Queda sobre a mesa sendo necesario aclaracións técnicas.

6.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS MENORES DE CUBERTA DA VIVENDA SITA NA RÚA GÁNDARA DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 6 de setembro de 2018 (RE núm. 2083) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Hermosinda Barreiro García
DNI:	37691261B
Domicilio:	C/ Salvador Dalí nº 4, Alella Park, Barcelona

Datos de obra:

Obxecto:	Colocación de tella vermella sobre base de placas de fibrocemento
Nome do técnico redactor da memoria:	D. Manuel Ángel Lodeiro Carreira, arquitecto técnico.
Situación:	Rúa Gándara núm.
Referencia catastral:	0715711NH7601S0001DH
Orzamento de execución:	5.100 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 27/06/2018 autorizando as obras (expediente núm. 2018/0709/CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 21 de setembro de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 27/06/2018 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 5.100 €uros

Liquidación 2%: 102,00 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dña Hermosinda Barreiro García indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES ARRANXO DE TELLADO DUNHA VIVENDA SITA NO LUGAR DE VILADÓNIGA Nº 12 (BOIMORTO)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 29 de agosto de 2018 (RE núm. 1992) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Josefa López Vázquez
DNI:	33199845N
Domicilio:	Lg. Viladóniga nº 12 - Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Reparación do tellado dunha vivenda, cunha superficie de 105 m ² , a base de fibrocemento e tella.
Situación:	Lg. Viladóniga nº 12 - Boimorto
Referencia catastral:	002101200NH76A0001LE
Orzamento de execución:	4.000,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 27/04/2018 autorizando as obras (expediente núm. 763/18) Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas de 15/05/2018 (expediente núm. IF205G 2018/000050-1)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

de data 21 de setembro de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 27/04/2018 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as condicións particulares e condicións xerais da resolución do 15/05/2018 da Axencia Galega de Infraestruturas.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 5.562,90 €uros

Liquidación 2%: 111,26 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Josefa López Vázquez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

8.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS MENORES SUBSTITUCIÓN MATERIAL DE CUBERTA DA VIVENDA SITA EN RÚA GÁNDARA Nº 55 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de setembro de 2018 (RE núm. 2064) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Manuel Varela López
DNI:	78787337D
Domicilio:	Rúa Vilanova nº 13 - Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Substitución de material de cuberta de tella existente por outra nova a base de tella curva do país
Nome do técnico redactor da memoria:	Dna. Ana Sande Beiro, arquitecto, colexiada nº 3026
Situación:	Rúa Gándara núm. 55 - Boimorto
Referencia catastral:	0612505NH7601S0001JH



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Orzamento de execución:	1.280,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 29/03/2017 autorizando as obras (expediente núm. 2016/1507CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 24 de setembro de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 29/03/2017 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 2.055,00 €uros

Liquidación 2%: 41,10 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Varela López indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

9.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES PINTADO DOS PARAMENTOS EXTERIORES DA VIVENDA SITA NO LUGAR DE TORRE Nº 5, PARROQUIA DE ANDABAO.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de setembro de 2018 (RE núm. 2065) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Alfonso Novo Veiga
DNI:	33267883Q
Domicilio:	Lg. Torre nº 5 – Andabao - Boimorto

Datos de obra:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Obxecto:	Pintado dos paramentos exteriores da vivenda así como a limpeza de cobertura de tella en cuberta inclinada.
Nome do técnico redactor da memoria:	David Boedo Mayo, arquitecto, colexiado 3.427
Situación:	Lg. Torre nº 5 - Andabao
Referencia catastral:	000700500NH76C0001SZ
Orzamento de execución:	1.943,80 Euros
Calificación urbanística:	Solo rústico de protección do patrimonio, encontrándose dentro da área de protección integral do elemento catalogado co grao II, AN3, Torre de Andabao, si ben, existe un erro no PXOM, xa que a vivenda non forma parte do citado elemento catalogado, senón que está a carón del.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 21/06/2018 autorizando as obras (expediente núm. 593/18)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 21 de setembro de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 21/06/2018 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as fachadas fiquen pintadas nunha cor area clara ou branco, podendo pintarse o zócalo nunha das cores tradicionais da zona.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.943,80 Euros

Liquidación 2%: 38,88 Euros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Alfonso Novo Veiga indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

10.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES REPARACIÓNS NO INTERIOR DA VIVENDA SITA NA RÚA GÁNDARA Nº 37 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de setembro de 2018 (RE núm. 2068) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	María Lourdes Mato Blanco
DNI:	76474497A
Domicilio:	Rúa Gándara nº 37 - Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Substitución en: alicatado en cociña, louza en baño planta alta, alicatado en baño planta alta e reparación de escaleira de madeira acceso planta alta.
Situación:	Rúa Gándara núm. 37 - Boimorto
Referencia catastral:	0614702NH7601S0001IH
Orzamento de execución:	5.400,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva tradicional
Autorización sectoriais:	Non é necesario
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 21 de setembro de 2018.

Advirte a secretaria que debe aclararse si é unha edificación tradicional ou fora de ordenación.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 5.400,00 Euros

Liquidación 2%: 108,00 Euros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Lourdes Mato Blanco indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

11.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS MENORES COLOCACIÓN DE TUBOS PARA ACCEDER Á FINCA NA PARROQUIA DE ÁNXELES

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 8 de agosto de 2018 (RE núm. 1874) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	D. Emilio López García
DNI:	76503420S
Domicilio:	Lg. Vilar nº 5 – Ánxeles - 15816 Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Colocación de tubaxe de 400 mm de diámetro cunha lonxitude de 6 m, recuberta cunha capa de cemento, para facilitar o acceso da finca número 27 na parroquia de Ánxeles
Situación	Lg. Vilar – Ánxeles
Referencia catastral:	15010A506000270001KR
Orzamento de execución:	351,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestruturas, xa que linda coa estrada DP-1001 da Deputación Provincial, si ben, as obras non lle afectan xa que se realizarán sobre unha pista de titularidade municipal e fora da súa zona de afección.
Autorizacións sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 27 de agosto de 2018)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento ao informado polo técnico municipal no sentido de que se coidara especial atención ás obras no viario público, establecendo a sinalización precisa que garanta a seguridade do tráfico e dos peóns.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 351,00 €uros

Liquidación 2%: 7,02 €uros.

CUARTO.- Comunicar que debe depositar unha fianza por importe de 100,00 €uros, con anterioridade á data prevista de realización da obra para garantir os posibles danos que se produzan.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a D. Emilio López García indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

12.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS MENORES CERRAMENTO POSTERIOR DE GALPÓN GALPÓN AGRÍCOLA NO LUGAR DE IGLESIA Nº 8 DE DORMEÁ

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 8 de agosto de 2018 (RE núm. 1875) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	María Teresa Garea Sánchez
DNI:	32827420A
Domicilio:	Llucmajor nº 3 – 07620 Mallorca

Datos de obra:

Obxecto:	Cerramento da parte posterior aberta dun galpón e a instalación dun portalón de acceso co fin de protexer o contido existente no mesmo (maquinaria agrícola). O cerramento será a base de bloques prefabricados de formigón prensado, apoiados sobre a soleira existente, acadados mediante enfuscado salpicado rugoso e pintura á cal. Ademais instalárase un portalón de acceso en chapa metálica galvanizada.
Nome do técnico redactor do proxecto	D. Manuel A. Echeverría Ulargui, arquitecto, colexiado 461
Situación:	Lg, Iglesia nº 8 - Dormeá
Referencia catastral:	001503800NH76A0001ME
Orzamento de execución:	3.000,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza de orixinario denso, estando dentro da área de influencia dos elementos catalogados DO1, DO3 e DO5, correspondentes coa Igrexa de San Cristobo de Dormeá, Casa Reitoral e Cruceiro, respectivamente.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 18 de xullo de 2018 autorizando as obras (expediente núm. 778/18)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 27 de agosto de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 18 de xullo de 2018 da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 3.000,00 €uros

Liquidación 2%: 60,00 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Teresa Garea Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

13.- LICENZA DE EDIFICACIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E CERRE DE PARCELA EN CRUCEIRO (BOIMIL)

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de Dna. Susana Blanco Balado con DNI nº 46912607J e con domicilio a efectos de notificacións en rúa Javier Rodríguez Pampín nº 14 2º Dereita, 15800 Melide, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 1.159 en data 01/06/2018, para realizar as obras de construción de vivenda unifamiliar (B+1) no lugar de Cruceiro, parroquia de Boimil, referencia catastral do inmovible: 15010A020000230000KK consonte ao proxecto básico e execución achegado coa solicitude, redactado pola arquitecta Dna. Rosa María Facal Varela, colexiada nº 3.436 e visado dixitalmente polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 20/03/2018; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

Con data 29/06/2018 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións.

Con data 16/07/2018, número de rexistro de entrada 1.736, presenta documentación complementaria.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Vista a resolución de data 10/10/2017 do Servizo de vías e obras da Deputación da Coruña (expediente 2017000014238).

Vista a resolución de data 22/10/2017 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, rexistro de entrada 2943 en data 14/12/2017, sobre a intervención no Camiño de Santiago, autorizando as obras. (Expediente número: 2017/1222).

Consta no expediente os documentos de nomeamento de Dirección de obra de data 16/03/2018, Dirección de execución de data 22/03/2018 e Coordinación de Seguridade e Saúde de data 10/07/2018

Considerando que se cumpre co establecido nas normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, Decreto 29/2010, de 4 de marzo.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 30/07/2018 dos servizos técnicos municipais emitido por D. Manuel Carro López.

Visto o informe de Secretaría de 26/09/2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a Dna. Susana Blanco Balado, para executar as obras de construción de vivenda unifamiliar (B+1) no lugar de Cruceiro, parroquia de Boimil (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo nomeado director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde o arquitecto Rosa María Facal Varela, colexiado nº 3436.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes recollidos no punto 4 dos antecedentes e consideracións técnicas da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 22/10/2017 (expediente 2017/1222)
- .- Darase cumprimento á resolución do 10/10/2017 servizo e obras da Deputación (expediente 2017000014238) que consta no expediente e se indica nos considerandos deste acordo.
- .- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
